



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA PRIMEIRA DO TRIBUNAL

Data:	Día 27/08/2026, ás 10:00 horas
Proceso:	OEP: 2023 Proceso selectivo: Funcionario, oposición, praza de Auxiliar Administrativo (código 4005) Publicación convocatoria: sede electrónica, 01/06/2026; BOP 102, 02/06/2026; DOG 105 do 08/06/2026; BOE 142 do 11/06/2026
Expediente:	2026/E001/000010

No día e hora indicados, reúnen-se de xeito telemático, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (*Resolución de Alcaldía núm. 453 do 04/08/2026*), quedando formalmente constituído:

Presidencia: Patricia Fernández Pérez
Secretaría: Paula Ares Otero
Vogalía 1ª: Jorge Boado Fernández
Vogalía 2ª: Mª Teresa Cid Poza
Vogalía 3ª: Guillermo José Fernández López

A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos foi aprobada por Resolución da Alcaldía 493/2026 do 21/08/2026 e publicada no Taboleiro da sede electrónica o día 21/08/2026.

Co obxecto de levar a cabo o desenvolvemento do proceso selectivo arriba indicado, o Tribunal procede á lectura da lista definitiva de admitidos, aos efectos de manifestar a concorrencia de posibles causas de abstención ou recusación nalgún membro do Tribunal (de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público). Os cinco membros do Tribunal manifestan que non concorre neles ningunha causa de abstención ou recusación.

Segundo a Resolución da Alcaldía núm. 453 do 04/08/2026, o día de celebración da PRIMEIRA PROBA (Base 10.2) da fase de oposición é:

Data: Martes, 8 de setembro de 2026
Hora: 10:00 horas
Lugar: Pavillón polideportivo Pilar Barreiro Senra (Lousame)

De acordo co perfil profesional, de cada un dos membros do Tribunal, o reparto do temario aos efectos de formular as preguntas das que está composta a PRIMEIRA PROBA da fase de oposición (cuestionario tipo test e exame escrito de preguntas curtas), é o seguinte:

Presidencia (Patricia Fernández Pérez): Temas 32 a 39
Secretaría (Paula Ares Otero): Temas 1 a 8. Tema 17
Vogalía 1ª (Jorge Boado Fernández): Temas 18 a 23. Tema 40
Vogalía 2ª (Mª Teresa Cid Poza): Temas 24 a 31
Vogalía 3ª (Guillermo José Fernández López): Temas 9 a 16

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 10:30 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

